



ÍNDICE - SUMARIO



N.º 220

Volume XLIV

novembro-decembro 2020

Guieiro

por Pedro Castelao 3

Coloquios na Encrucillada

Presentación de Coloquios na Encrucillada

por Tito Suárez Pérez 5

Estudos

Ler a Biblia. Esbozando claves de lectura

por Marta García Fernández 11

Como debemos ler hoxe o Novo Testamento?

por Carmen Bernabé Ubieta 28

Fundamentalismo encriptado: a Biblia, do literalismo á
maieútica histórica

por Andrés Torres Queiruga 46

Achegas

Escolma Bibliográfica

por Carme Soto Varela 66

O Cántico Novo do poeta Ernesto Cardenal. Un apuntamento sobre
a orixe das súas «reescrituras» bíblicas

por Ramón Cao Martínez 77

Arredor do Coronavirus desde Etiopía

por Juan González Núñez 86

Documento

Comunicado da Asociación Encrucillada

por Asociación Encrucillada 91



Crónica

Carta desde a banda da esperanza
por Manuel Regal Ledo 93

Recensións

Qué se sabe de... María Magdalena?
por Marisa Vidal Collazo 110

Índice xeral do ano 2020

por Ramón Díaz Raña 113

Ilustracións

por Soedade Pite 17, 39



De forma completamente anómala este ano 2020 non celebramos o XXXV Foro de Encrucillada «Relixión e Cultura en Galicia». As razóns son obvias: a virulencia da pandemia da COVID-19 desaconsella, especialmente nesta segunda vaga, a celebración de eventos en espazos pechados onde poidan aglomerarse un número considerable de persoas.

Malia todo, as lectoras e os lectores da nosa revista atoparán neste número de final de ano o que ían ser os relatorios dos nosos convidados a compartir connosco presenza e sabedoría en Santiago de Compostela se as circunstancias tivesen sido outras. Pero son as que son e iso non está na nosa man cambialo.

Pero si o está buscar camiños alternativos que nos permitan superar as limitacións impostas pola lóxica prudencia sanitaria. E por iso queremos convocar a todos os nosos lectores, e a todas aquelas persoas que poidan estar interesadas, a participar en tres encontros telemáticos cos nosos relatores: Marta García, Carmen Bernabé e Andrés Torres Queiruga. Os encontros son de balde, están abertos a todo o mundo e serán tres venres de febreiro, os días 12, 19 e 26, ás 20.00 a través da plataforma Zoom, cun enlace que anunciaremos debidamente na nosa web www.encrucillada.gal. Chamámoslos *Coloquios na Encrucillada*.

Comezaremos eses coloquios cunha breve presentación, para dar paso, a continuación, ao relator principal. En cada sesión, a relatora ou relator disporá duns vinte ou vinte e cinco minutos para presentar os puntos centrais e máis importantes do seu traballo publicado neste número. E logo, ao rematar a súa exposición, dispoñeremos nós, os oíntes, doutro tanto tempo para iniciar un diálogo e formularmos cuestións, preguntas, suxestións, etc., que permitan afondar no escoitado nese momento e no previamente lido neste número. Remataremos eses coloquios cunhas breves palabras finais do moderador.

O tema do Foro deste ano ía ser «Como ler hoxe a Biblia». Diso tratarán os *Coloquios*. E diso trata, fundamentalmente, o número que aquí presentamos. Indico moi rapidamente o seu contido.

A profesora Marta García encárgase de sinalarnos o mellor acceso a esa enorme biblioteca de libros históricos, proféticos e sapienciais que é o Antigo ou Primeiro Testamento. A profesora Carmen Bernabé céntrase no Novo ou Segundo Testamento e sinala a diversidade de métodos exexéticos que hai para facer actual e intelixible a súa lectura. O profesor Torres Queiruga afonda na cuestión hermenéutica ao identificar o perigo sempre latente dun fundamentalismo encriptado propoñendo a súa superación coa súa traballada categoría de «maiéutica histórica».

O fondo bíblico do traballo poético do recentemente finado Ernerto Cardenal é posto de manifesto por Ramón Cao nunha achega que, xunto coa bibliografía bíblica seleccionada e comentada por Carme Soto e ofrecida noutra achega, aportan novos datos para enriquecer o tema da Biblia principalmente estudado aquí.

Publicamos, tamén, un testemuño da presenza da COVID-19 en África. Concretamente en Etiopía, da man do misioneiro comboniano, Juan González Núñez.

Xunto á Rolda de Igrexa de Manolo Regal e a unha recensión de Marisa Vidal sobre un libro que trata a figura de María de Magdala, publicamos tamén un documento de apoio á autonomía dunha asociación brasileira de mulleres para presentarse publicamente coma católica, pese a todos os matices —nos que aquí non entramos— que se poidan presentar respecto das súas reivindicacións máis concretas.

Tito Suárez Pérez fai a presentación xeral do tema do Foro deste ano que, como xa dixen, retomaremos en febreiro, en modo telemático, na amentada forma dos *Coloquios na Encrucillada*. Contamos coa vosa participación.

Pedro Castelao

